

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 30 de xaneiro de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras de reforma interior de nave con licenza número 368/98, para centro xestor de vehículos ao final da súa vida útil e compravenda de vehículos sinistrados na rúa da Factoría, número 6.

Tamén se acorda a denegación licenza municipal de instalación e de obras de estación base de telefonía móbil na rúa Miguel de Cervantes, número 58.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de estrutura de formigón armado, soleira, forxado piores e muros de contención, en solo rústico, Camiño do Vilar- Conturiz; para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Bispo Aguirre, número 10; para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Miguel de Cervantes, número 58; para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Flor de Malva, número 44; para modificación de proxecto básico e de execución para reforma e ampliación de planta soto 2º para garaxe aparcadoiro e rochos no edificio con licenza número 53/09, composto de dúas plantas sotos para garaxe aparcadoiro e rochos, planta baixa para seis portais con accesos, instalacións xerais, locais de comunidade, cuartos de lixo, con locais sen uso definido e sete plantas altas para un total de 172 vivendas V.P.P., con aproveitamento baixo cuberta para vivendas, na rúa Paulo Gabio Máximo esquina avda. da Coruña, parcelas F1-F2, do plan especial de reforma interior das Unidades de Actuación N1 e N2, do PXOU; para rehabilitación unha vivenda unifamiliar illada, na estrada da Coruña, número 341, atopándose dentro do ámbito do núcleo rural co número 55.4 de Ramil, parroquia de Tirimol; para reforma de fachada en planta baixa no edificio con licenzas números 449/89,

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	13/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



572/93 e 531/94, sito en solo urbano na avenida das Américas, número 16; para instalación de ascensor en edificios lindeiros de vivendas, tratándose da unión dos dous edificios lindeiros, de tal xeito que se deixa un único portal cunha porta de acceso, suprimindo a escaleira do edificio número 7, e no seu lugar colócase o ascensor, e así mesmo en todas as plantas únense os dous edificios mediante un paso con rampla, sendo a localización da obra en solo urbano na rúa Unidade, números 7-9; para reforma de planta segunda para dúas oficinas e unha vivenda dun dormitorio, no edificio existente con licenzas números 196/56 e 500/94, sito en solo urbano, na avda. Coruña, número 45 e para remodelación do CEIP de Quiroga Ballesteros, en dúas fases: zona norte e zona sur, sito na rúa Quiroga Ballesteros esquina rúa Bolaño Rivadeneira.

Tamén se acorda a denegación de licenza para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Cornubia, número 5.

Así mesmo, acórdase a concesión para o edificio sito na rúa pousadela, número 30, con licenzas de obra números 480/92, 1099/11 e 866/12, e proposta de denegación para edificio sito na rúa río Mandeo, números 36-38 e rúa Pousadela, número 32, con licenzas de obra números 480/92, 1099/11 e 866/12.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo e a aprobación da forma de compensación.


Do mesmo xeito acórdase o recoñecemento e autorización para a realización de servizos extraordinarios da psicopedagoga e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2012 e o 22 de setembro de 2013 para a actualización do contrato administrativo asinado coa empresa adxudicataria, correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 2.

Tamén se acorda a revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2012 e o 22 de setembro de 2013 para a actualización do contrato administrativo asinado coa empresa adxudicataria, correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 1.

Código Seguro de verificación:k0Ydav1/+EfzTTgzj76diQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	13/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	k0Ydav1/+EfzTTgzj76diQ==	PÁGINA 2/3
			
k0Ydav1/+EfzTTgzj76diQ==			

Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 16 de decembro de 2012 e o 15 de decembro de 2013 das tarifas de consumición para aplicar na cafetería anexa ao centro de servizos sociais "Milagrosa II".

Así mesmo, acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 17 de decembro de 2012 e o 16 de decembro de 2013 para a actualización do contrato asinado coa empresa, encargada da prestación do servizo de control de estornións na cidade de Lugo mediante a elaboración dun plan integral.

Acórdase a regularización de prezos 2011-2012 e revisión de prezos 2012-2013.22. contrato de arrendamento con opción de compra, mantemento, subministración de consumibles e reparación dos sistemas de impresión do Concello de Lugo.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a adxudicación por procedemento aberto na contratación de alugamento e mantemento de dez cabinas sanitarias para instalar en zonas verdes públicas 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Do mesmo xeito, acórdase a ampliación do prazo de execución da obra de "Rehabilitación de a Ponte Vella de Lugo".

Acórdase a resolución do recurso de reposición interposto contra o acordo de exclusión da mesa de contratación na contratación dun servizo de mantemento do equipamento informático dos postos de traballo do Concello de Lugo.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación número 5959783 (1540/2012), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para legalización de reformas da vivenda 5º b no edificio sito na rúa da Baixa, 2.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acóptase o seguinte acordo:**

- Cumprimento do mandamento ao Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, nos Autos de execución de títulos xudiciais 1076/2011

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:k0Ydavl/+EfzTTgzj76diQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	13/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	k0Ydavl/+EfzTTgzj76diQ==	PÁGINA 3/3



k0Ydavl/+EfzTTgzj76diQ==